



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal n.º 7 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares e da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda

ANUNCIO

Aprobación inicial da “Modificación da Ordenanza fiscal N.º 7 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa e da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica do Concello de Pontedeume”.

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2021 aprobou inicialmente a modificación da “Modificación da Ordenanza fiscal N.º 7 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa e da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e atraccións sitas en terreos de uso público e industrias de rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica do Concello de Pontedeume”.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións ou suxestións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios, no portal web e na sede electrónica deste Concello: <http://www.pontedeume.gal>

No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións durante o trámite de información pública, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co que se establece no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 5 de xullo de 2021.

2021/5529